

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

*EXTRACTO da Orde do 21 de agosto de 2026 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2026 das axudas, en réxime de concorrência competitiva, ás persoas armadoras pola paralización temporal da actividade pesqueira motivada pola prohibición de pesca imposta no Regulamento delegado (UE) 2025/2593 da Comisión, do 11 de agosto de 2025, polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1241, no que respecta á prórroga das medidas para reducir as capturas accidentais de golfinho común (*Delphinus delphis*) e outros pequenos cetáceos no Golfo de Biscaia, cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (código de procedemento PE406I).*

BDNS (Identif.): 927332.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/927332>

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas armadoras das embarcacións que estean rexistradas como activas no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Finalidade

As axudas terán como finalidade compensar os efectos do período de parada temporal motivada pola prohibición da pesca que tivo lugar entre o 22 de xaneiro e o 20 de febreiro de 2026, establecida no Regulamento delegado (UE) 2025/2593 da Comisión, do 11 de agosto 2025, polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1241, no que respecta ás medidas para reducir as capturas accidentais de golfinho común (*Delphinus delphis*) e outros pequenos cetáceos no Golfo de Biscaia.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 21 de agosto de 2026 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2026 das axudas, en réxime de concorrência competitiva, ás persoas armadoras pola paralización temporal da actividade pesqueira motivada pola prohibición de pesca imposta no Regulamento delegado (UE) 2025/2593 da Comisión, do, 11 de agosto de 2025, polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1241, no que respecta á prórroga das medidas para reducir as capturas accidentais de golfinho común (*Delphinus delphis*) e outros pequenos cetáceos no Golfo de Biscaia, cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (código de procedemento PE406I).

Cuarto. Importe

Para o ano 2026 as axudas concederanse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, que figura dotada no orzamento de gastos de Consellería do Mar para o ano 2026.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0.

Código de proxecto: 2025.00154.

Importe: 376.330,46 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2026

Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

